



Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

Materias

Curso 3

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P02G050V01501	Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte I	1c	6
P02G050V01502	Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo I	1c	6
P02G050V01503	Valoración e prescrición do exercicio físico para a saúde	1c	6
P02G050V01504	Xestión e organización dos sistemas deportivos I	1c	6
P02G050V01601	Actividade física e deporte adaptado	2c	6
P02G050V01602	Actividade física e deporte recreativo	2c	6
P02G050V01603	Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte II	2c	6
P02G050V01604	Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo II	2c	6
P02G050V01901	Actividades de fitness	1c	6
P02G050V01902	Xerontoloxía e actividade física	1c	6
P02G050V01903	Biomecánica da técnica deportiva	2c	6
P02G050V01904	Deportes náuticos	2c	6
P02G050V01912	Socorrismo e a súa didáctica	1c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS**Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte I**

Materia	Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte I			
Código	P02G050V01501			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Rey Cao, Ana Isabel			
Profesorado	Rey Cao, Ana Isabel			
Correo-e	anacao@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>A didáctica é o ramo das Ciencias da Educación que ten por obxecto a optimización do proceso ensino-aprendizaxe (E-A).</p> <p>O obxectivo fundamental desta materia é facilitar ao alumnado os coñecementos básicos para desenvolver con rigor didáctico a programación dun proceso de ensino-aprendizaxe a través de prácticas corporais.</p> <p>A Didáctica é un contido transversal indispensable para a práctica profesional das graduadas e graduados en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Está presente en todo proceso de E-A, con independencia do ámbito onde se desenvolva: rendemento deportivo, ocio, educación ou saúde.</p> <p>Nesta aproximación inicial (no segundo cuadrimestre impártese Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte II) abórdanse os principais elementos do sistema que constitúe unha programación educativa. A materia aporta as ferramentas básicas coas que posteriormente poder adaptarse a calquer proceso de ensino-aprendizaxe en contextos non formais (docencia en actividades extraescolares, escolas deportivas, asociacións, centros socioculturais, academias, etc.) e formais (educación física escolar).</p> <p>A materia céntrase na dimensión máis instructiva dos procesos de E-A. No deseño das tarefas de E-A para a optimización dos contidos en coherencia coas competencias, obxectivos; e na aplicación dos métodos para o control da disciplina, o espazo e a comunicación.</p>			

Competencias

Código	
CG1	Conceptualización e identificación do obxecto de estudo das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
CG2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.
CG11	Coñecemento e comprensión dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.
CG12	Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
CG13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.
CG15	Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino- aprendizaxe relativos á actividade física e do deporte, con atención ás características individuais e contextuais das persoas.
CG16	Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica da actividade física e do deporte.
CG18	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, aos diferentes campos da actividade física e o deporte.
CG20	Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde da práctica de actividades físicas inadecuadas.
CG21	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar a realización de programas de actividades físicodeportivas.
CG23	Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo axeitado para cada tipo de actividade.
CG25	Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.
CG26	Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Identificar os diferentes elementos do acto didáctico, como se articula a súa presenza na programación e entender a relación entre eles.	CG15
Conceptualizar que é unha programación sistémica, os modelos didácticos fundamentais e os elementos que constitúen a ecoloxía dos procesos de ensino-aprendizaxe.	CG1 CG2
Utilizar a plataforma de teledocencia para supervisar a guía docente, o guiión do traballo e realizar a inscrición para o traballo por proxectos/microensino.	CG12
Empregar a web 2.0 para avaliar os procesos de E-A desenvolvidos na aula.	

Asimilar que a realización dunha boa programación é un factor fundamental para unha boa práctica profesional vencellada á actividade física e o deporte.	CG11 CG13
Comprender que a reflexión durante a programación e práctica docente responde a un aspecto básico da deontoloxía profesional.	CG11 CG13
Seleccionar, secuenciar e explicitar obxectivos para unha programación de forma sistémica e articulada en niveis de concreción.	CG15 CG21
Seleccionar, secuenciar e explicitar contidos para unha programación sistémica e articulada en niveis de análise epistemolóxico e psicopedagóxico.	CG15 CG16 CG21
Seleccionar e aplicar os métodos e técnicas didácticas máis acordes aos obxectivos, contidos, modelo didáctico e estratexia seleccionada na programación.	CG13 CG15 CG16 CG18 CG20 CG21 CG23
Deseñar sesións a través da motricidade realizando unha elección e ordenación idónea dos elementos didácticos.	CG15 CG16 CG18 CG20 CG21 CG23 CG26
Deseñar tarefas acordes aos obxectivos e contidos.	CG15 CG18 CG20 CG23 CG26
Realizar en equipo unha programación didáctica completa para unha intervención concreta.	CG2
Desenvolver unha intervención didáctica nun contexto facilitado, prestando especial atención ás habilidades comunicativas.	CG12 CG13
Aceptar as avaliacións externas e empregalas como eixos de reflexión sobre a propia competencia didáctica.	CG25 CG26
Ser autocrítico/a coas habilidades didácticas.	
Desenvolver a capacidade de avaliación didáctica observando o desenvolvemento dos elementos do acto comunicativo na praxis dos procesos de ensino-aprendizaxe.	
Analizar sistémicamente a programación desenvolvida avaliando a súa coherencia estratéxica.	

Contidos

Tema	
1. Fundamentación teórica da Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte.	1.1. A didáctica. 1.1.1. Contextualización histórica. 1.1.2. Definición. 1.1.3. Obxecto, funcións e clases de didáctica. 1.1.4. Didáctica e currículo. 1.2. Os procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte. 1.2.1. Delimitación e epistemoloxía do concepto.
2. Elementos básicos na programación dos procesos de ensino aprendizaxe a través da actividade física e o deporte.	2.1. Concepto de programación.
3. A coherencia na programación didáctica.	2.2. Modelos de programación.
4. Programación dos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte no terceiro nivel de concreción ou programación a curto prazo. As unidades de programación.	2.3. Características da programación. 2.4. Componentes da programación. 3.1. Concepción ecolóxica dos procesos de E-A na actividade física e o deporte. 4.1. A programación a curto prazo.

5. Modelos para a intervención a través da actividade física e o deporte nos elementos presentes no terceiro nivel de concreción ou programación a curto prazo.

- 5.1. Tipos de obxectivos.
 - 5.1.1. Tarefas do profesorado vencelladas aos obxectivos.
- 5.2. Os contidos. Tipos de contidos.
 - 5.2.1. Os contidos na educación a través da motricidade.
 - 5.2.2. Tarefas do profesorado vencelladas aos contidos.
- 5.3. Metodoloxía dos procesos de E-A na actividade física e o deporte.
 - 5.3.1. Conceptos e elementos.
 - 5.3.2. Métodos de práctica.
 - 5.3.3. Métodos para a organización da sesión.
 - 5.3.4. Métodos para a organización espacial e material.
 - 5.3.5. Métodos para a formación e distribución de grupos.

5.4. Métodos para a xestión da disciplina.

6. A tarefa didáctica.

- 6. Actividades de ensino-aprendizaxe.
 - 6.1. A tarefa didáctica.
 - 6.2. Método de presentación da tarefa.
 - 6.3. Formulación de tarefas.
 - 6.4. Análise didáctico das tarefas motrices.

7. Habilidades do/a docente nos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte.

- 7. Métodos para a comunicación.
 - 7.1. Habilidades de comunicación.
 - 7.2. Retroalimentación.
 - 7.3. Estratexias para unha comunicación sen prexuízos de xénero e non sexista.
- 8. A práctica reflexiva.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	30	40
Resolución de problemas	10	10	20
Traballo tutelado	1	15	16
Seminario	3	21	24
Estudo de casos	12	0	12
Obradoiro	2	6	8
Prácticas de laboratorio	13	13	26
Exame oral	1	3	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Clases Maxistras nas que se explican os fundamentos teóricos. O alumnado asimila e toma apuntes. Expón dúbidas e cuestións complementarias.
Resolución de problemas	Traballo individual e grupal de resolución de tarefas nas clases B e C. A profesora presenta e exemplifica a tarefa e o alumnado resolve e expón dúbidas.
Traballo tutelado	O alumnado diseña, imparte e analiza diferentes método e tarefas didácticas. Deseño e desenvolvemento dunha intervención didáctica a través da actividade física e o deporte. Aplicación de microensino. Cada grupo desenvolverá unha sesión según as características básicas determinadas na opción que lle sexa asignada. En cada unha delas abórdase especificamente un método didáctico. Esta sesión deberá ser impartida aos seus compañeiros e compañeiras nas aulas prácticas.
Seminario	É obrigación do alumnado manterse informado das posibles modificacións no calendario de prácticas. É obrigatorio realizar un mínimo de dúas titorías (seminario) antes da realización da sesión. Unha delas será en hora de clase.
Estudo de casos	O alumnado presenta á profesora o desenvolvemento do seu traballo tutelado nun mínimo dunha titoría grupal. Análise didáctica e discusión da sesión práctica realizada na clase laboratorio realizada na práctica B. O alumnado deberá participar activamente e realizar as tarefas encomendadas na clase A correspondente.

Obradoiro	Intervención docente. O alumnado imparte unha sesión a un grupo de alumnos/as que foi programada no traballo tutelado e nos seminarios. A sesión é avaliada por el@s mism@s, os seus compañeir@s e a profesora. Empréganse ferramentas de observación sincrónica e a través de gravación audiovisual.
Prácticas de laboratorio	Nas aulas de laboratorio experimentanse diferentes intervencións a través da motricidade. Participación nun microensino e na reflexión-análise do final da sesión.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Supervisión, discusión e corrección do traballo tutelado.
Obradoiro	Supervisión e avaliación da intervención docente.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Microensino: Programación e desenvolvemento dunha intervención didáctica a través da actividade física e o deporte. Os criterios son: - Entregar o borrador da sesión e a memoria final no prazo establecido. - Desenvolver o traballo cumprindo os requisitos formais e de contido esixidos. - Levar á práctica a sesión deseñada. - Asistir a dúas titorías para a revisión previa da sesión e a clase onde se explica o método correspondente a esa sesión. - Deseñar e explicitar tarefas cumprindo os criterios solicitados (aplicación de métodos específicos). - Obrigatorio para todo o alumnado.	20	CG1 CG2 CG11 CG12 CG13 CG15 CG16 CG18 CG20 CG21 CG23 CG25 CG26
Seminario	Asistencia en grupo as titorías para a supervisión e discusión do traballo tutelado. - O alumnado debe asistir as titorías coas tarefas de control realizadas que se explicitan no guión do traballo. - Só se cualificará ao alumnado que asista.	5	CG2 CG11 CG12 CG25 CG26
Estudo de casos	Asistencia e participación activa na reflexión e análise didáctica que se realizará da sesión práctica desenvolvida na clase B. Execución e entrega das tarefas propostas. Participación nas tarefas de avaliación.	5	CG12 CG13 CG15 CG20 CG25 CG26
Obradoiro	Desenvolvemento dunha intervención didáctica en grupo. O alumnado asumirá a docencia dun mínimo dunha actividade de ensino-aprendizaxe. Os criterios son: - Organizar a fase pre-activa. - Xestionar axeitadamente os recursos materiais e espaciais durante o desenvolvemento da sesión. - Implementar estratexias de disciplina e participación pasiva. - Desenvolver a fase reflexiva con criterios didácticos. - Adoptar unha actitude docente positiva. - Organizar e desenvolver a fase post-activa xunto co alumnado (reflexión e análise da sesión).	5	CG11 CG23 CG25 CG26
Prácticas de laboratorio	Control da participación nas clase de laboratorio. -Asistir e participar activa e criticamente no microensino cun mínimo do 80% das prácticas das horas dos grupos B e C. - Realizar correctamente a observación de habilidades de comunicación e máis a gravación audiovisual. -A asistencia a máis de un 80% da docencia de aula de créditos B e C eximirá da realización do exame práctico final. -Este criterio non é de obrigado cumprimento para superar a materia, posto que o alumnado que supere o 20% de faltas poderá acceder á avaliación final mediante una proba dos créditos de laboratorio. Calificación de apto/a ou non apto/a	5	CG13 CG15 CG16 CG18 CG20 CG21 CG23 CG25

Exame oral	Defensa oral do traballo escrito. O alumnado respostará as cuestións realizadas pola profesora sobre á programación da sesión desenvolvida no traballo tutelado.	60	CG1 CG2 CG11 CG13 CG15 CG16 CG18 CG20 CG21 CG23 CG26
	En casos específicos, mediante negociación previa coa profesora, esta ferramenta de avaliación poderá ser substituída por un exame escrito de desenvolvemento.		

Outros comentarios sobre a Avaliación

Réxime avaliación continua:- Os traballos deberán entregarse nas datas determinadas pola profesora.

- En caso de non superar a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas avaliaranse na convocatoria de xuño/xullo. Nas convocatorias correspondentes ao mesmo curso académico conservaranse as cualificacións obtidas nas ferramentas de avaliación superadas. Será necesario repetir as ferramentas necesarias para obter un mínimo de 5 puntos. - Non existe posibilidade de manter partes da materia aprobadas procedentes de anteriores cursos académicos.

- O alumnado que se atope en circunstancias especiais e/ou xustificadas polas que non poida realizar algunha das ferramentas de avaliación, deberá comunicalo ao inicio do curso para poder adaptar a avaliación ao seu caso. No caso de concorrer a circunstancia excepcional durante o desenvolvemento do curso, deberá comunicalo cunha antelación mínima de dous meses á data oficial do exame.

- Manteranse os mesmos criterios para aprobar nas sucesivas convocatorias.

Avaliación global:- O alumnado que non teña optado á avaliación continua, realizará unha avaliación global nas datas oficiais.

- As datas oficiais dos exames pódense consultar na web da facultade na ligazón

<http://fcced.uvigo.es/es/docencia/examenes/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Florence, J., Brunelle, J. & Carlier, G., **Enseñar Educación Física en Secundaria. Motivación, organización y control.**, 1ª ed., Inde, 2000

Galera, A., **Manual de didáctica de la Educación Física I. Una perspectiva constructivista moderada. Funciones de impartición.**, 1ª ed., Paidós, 2001

Galera, A., **Manual de didáctica de la Educación Física II. Una perspectiva constructivista moderada. Funciones de programación.**, 1ª ed., Paidós, 2001

Rey Cao, Ana, **Didáctica de los procesos de enseñanza-aprendizaje en la actividad física y el deporte I. Apuntes de la asignatura.**, Pontevedra, 2017

Seners, P., **La lección de Educación Física. Inde.**, 1ª ed., Inde, 2001

Bibliografía Complementaria

Aggerholm, K.; Standal, O.; Barker, D.M. & Larson, H., **On practising in physical education: outline for a pedagogical model. Physical Education and Sport Pedagogy**, 23, 2, 197-208, <https://doi.org/10.1080/17408989.2017.1372408>, 2017

Barker, D.M.; Aggerholm, K.; Standal, O. & Larsson., **Developing the practising model in physical education: an expository outline focusing on movement capability. Physical Education and Sport Pedagogy**, 23(2), 197-209, <https://doi.org/10.1080/17408989.2017.1371685>, 2018

Blández Ángel, Julia, **Programación de unidades didácticas según Ambientes de aprendizaje.**, 1ª ed., Inde, 2000

Palao Andrés, J. M. y Ortega Toro, E., **Formas de organización en educación física.**, 1ª ed., Diego Marín, 2009

Contreras, Onofre, **Didáctica de la Educación Física. Un enfoque constructivista.**, 1ª ed., Inde, 1998

Devís Devís, J. & Peiró Velert, C., **Nuevas perspectivas curriculares en Educación Física: la salud y los juegos modificados.**, 1ª ed., Inde, 1992

Famose, J.P., **Aprendizaje motor y dificultad de la tarea.**, 1ª ed., Paidotribo, 1992

Fraile Aranda, A. (coord.), **Didáctica de la educación física: una perspectiva crítica y transversal.**, 1ª ed., Biblioteca Nueva, 2004

Gallego, J.L. y Salvador, F., **Metodología de la acción didáctica en Medina y Salvador (coord), Didáctica General (pp.157-181).**, 1ª ed., Pearson, 2005

González Arévalo, C., **El proceso de programación en la enseñanza de la actividad física y el deporte. Apuntes**, 80, 20-28, 2005

González Arévalo, C. & Lleixà Arribas, T. (coords.), **Didáctica de la Educación física. Ministerio de Educación, Instituto de Formación del Profesorado, Investigación e Innovación Educativa**, 1ª ed., Graó, 2010

López Pastor, V.(Coord.), **La sesión en Educación Física: los diferentes modelos y los planteamientos educativos quesubyacen.**, <https://www.efdeportes.com/efd43/sesion.htm>, 2001

Mosston, M., y Ashworth, S., **La enseñanza de la educación física. La reforma de los estilos de enseñanza.**, 1ª ed., Barcelona, 1993

Pedraza Gómez, Z., **De la educación física y el uso de sí: ejercicios estético-políticos de la cultura somática moderna**, 14(2), Movimento, 2008

Pérez, A.I. & Gimeno, J., **Pensamiento y acción en el profesor: de los estudios sobre la planificación al pensamiento práctico. Infancia y aprendizaje**, 42, 37-63,

Sicilia Camacho, A., **La investigación de los estilos de enseñanza en la educación física. Un viejo tema para un nuevo siglo. Sevilla**, 1ª ed., Wanceulen, 2001

Sicilia, A.; Sáenz-López, P.; Manzano, J.I. y Delgado, M.A., **El desarrollo curricular de la Educación Física en Primaria y Secundaria: un análisis desde la perspectiva del profesorado. Apunts: Educación física y deportes**, 98, 23-32, ISSN 1577-4015,, 2009

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte II/P02G050V01603

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Aprendizaxe e control motor na educación física e o deporte/P02G050V01102

Educación: Pedagogía da educación física e o deporte/P02G050V01103

Fundamentos da motricidade/P02G050V01204

Xogo motor/P02G050V01105

Socioloxía: Socioloxía e historia da actividade física e o deporte/P02G050V01203

Educación: Epistemoloxía das ciencias da actividade física, o deporte e a educación física/P02G050V01301

Expresión corporal e danza/P02G050V01402

Outros comentarios

Recoméndase:

A asistencia de forma continua ás clases presenciais.

A realización das actividades de avaliación continua.

Prestar atención á temporalización das actividades e traballos do curso.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisíbel evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

A) Metodoloxías docentes que se modifican

Realizaranse as mesmas metodoloxías docentes que as contempladas nunha situación sen alerta pero adaptándoas a unha modalidade online. A tal fin empregárase o Campus Remoto e outras ferramentas como Zoom, Moodle, Google Classroom, Microsoft Teams ademais de Moovi (e aquelas outras que estean dispoñíbeis no momento e poidan ser empregadas de mutuo acordo polo alumnado e a profesora para desenvolverse na materia).

Polo tanto as metodoloxías serán:

- Lección maxistral. Realizarase a través do Campus Remoto e Moodle. Terán como soporte para o seu seguimento documentación e material didáctico dispoñíbel en Moovi.
- Resolución de problemas. Realizarase a través do Campus Remoto e Moodle. Algunhas entregas poderán ser realizadas por correo electrónico ou Moovi.
- Traballo tutelado. O alumnado traballará en grupo mediante ferramentas como google drive ou dropbox. En caso de imposibilidade de acceso a estes recursos, o traballo poderá ser individual. A intervención docente poderá ser en modalidade online destinada aos seus compañeiros/as de clase, en modalidade presencial a persoas da súa contorna coas que teña contacto seguro nese momento. En todos os casos a intervención será gravada en video e facilitada á docente. A entrega será online mediante correo electrónico ou plataforma de teledocencia (Moovi).
- Seminario. Realizarase online mediante videoconferencia a través do Campus Remoto.
- Estudo de casos. Realizarase online mediante videoconferencia a través do Campus Remoto e outras plataformas para a docencia online como Zoom, Moodle, Google Classroom, Microsoft Teams. Para avaliación tamén empregáranse ferramentas da plataforma Google, Kahoot ou outras apps semellantes.
- Obradoiro. Realizarase unha intervención docente. Poderá ser: 1. Online a través de Campus Remoto, Zoom, Moodle, Google Classroom, Microsoft Teams ou calquera outra plataforma de teledocencia que permita a interacción visual e verbal do alumnado. O alumnado terá que adaptar a súa programación a un contexto virtual. 2. En presenza física con persoas da

sua contorna coas que teña contacto seguro durante ese período. Neste caso a intervención deberá ser gravada e facilitada á docente.

- Prácticas de laboratorio. Realizaranse online a través de Campus Remoto, Zoom, Moodle, Google Classroom, Microsoft Teams. Algunhas poderán ser enviadas en forma de tarefa que o alumnado terá que realizar de xeito autónomo e cumprimentar unha avaliación.

B) Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

As titorías desenvolveranse a través do campus remoto. Despacho 2129

(<https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/912187149>)

Poderase empregar a ferramenta Doodle para a xestión das titorías e seminarios.

C) Outras modificacións

No caso da semipresencialidade as metodoloxías de resolución de problemas poderán realizarse nun contexto presencial pero modificando as prácticas motrices de tal xeito que se respecte a distancia interpersonal e o esforzo físico sexa moi moderado. As prácticas pasarán a ser exemplificacións dalgúns alumnos/as (que rotarán na participación) que o resto do alumnado analizará. Empregarase a modalidade de ensino en pequenos grupos.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

A avaliación manterase igual. As diferentes metodoloxías/probas realizaranse polos medios telemáticos especificados (Campus remoto, Moodle, Skype, Zoom, etc.).

DATOS IDENTIFICATIVOS**Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo I**

Materia	Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo I			
Código	P02G050V01502			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	García García, Óscar			
Profesorado	García García, Óscar Ramírez Farto, Emerson			
Correo-e	oscargarcia@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias

Código	
CG1	Conceptualización e identificación do obxecto de estudo das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
CG2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.
CG5	Coñecemento e comprensión dos efectos da práctica do exercicio físico sobre a estrutura e función do corpo humano.
CG8	Coñecemento e comprensión da estrutura, función e desenvolvemento das diferentes manifestacións da motricidade humana.
CG11	Coñecemento e comprensión dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.
CG13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.
CG14	Manexo da información científica básica aplicada á actividade física e ao deporte nas súas diferentes manifestacións.
CG26	Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma.
CE7	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar o proceso de adestramento nos seus distintos niveis
CE8	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, durante o proceso do adestramento deportivo
CE9	Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica actividade físico-deportiva na poboación que realiza adestramento deportivo
CE10	Capacidade para identificar os riscos, que se derivan para a saúde dos deportistas, da práctica de actividades físicas inadecuadas no contexto do adestramento deportivo
CE11	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar a realización de programas de adestramento deportivo
CE12	Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo, adecuado para cada tipo de actividade de adestramento deportivo

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
O estudante será capaz de propoñer o desenvolvemento de as diferentes capacidades condicionais adecuándoas a as necesidades de o deportista, e establecer o control de a carga dentro de o proceso de adestramento para conseguir un efecto concreto	CG5 CG8 CG14	CE7 CE11
O estudante será capaz de aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, para xustificar o efecto que provoca o adestramento deportivo	CG2 CG5 CG8 CG14	CE8
O estudante será capaz de identificar os riscos, que se derivan para a saúde dos deportistas, da práctica inadecuada de exercicios e métodos de adestramento deportivo	CG5 CG8 CG14 CG26	CE7 CE9 CE10
O estudante será capaz de seleccionar e saber utilizar o material e equipamiento deportivo adecuado para desenvolver cada capacidade condicional dentro de o proceso adestramento deportivo	CG2 CG5 CG26	CE12
O estudante será capaz de propor e executar exercicios ou tarefas cos seus indicadores de control da carga dentro de cada capacidade condicional para garantir nos deportistas un determinado efecto do adestramento	CG5 CG14 CG26	CE7 CE11

Contidos

Tema

FUNDAMENTOS DO ADESTRAMENTO DEPORTIVO	<p>Tema 1. A adaptación no deporte: O efecto do adestramento deportivo Concepto de adestramento deportivo Concepto de adaptación no deporte El proceso de adaptación deportiva Mecanismo xeral de adaptación Síndrome xeneral de adaptación Dinámica do proceso de adestramento deportivo: estímulo, fatiga, recuperación, supercompensación, adaptación Fases sensibles na adaptación</p> <p>Tema 2. A carga de adestramento Concepto de carga de adestramento Tipoloxía de cargas de adestramento Aspectos que determinan a carga de adestramento: contido, magnitude, organización da carga Adestramento concorrente e interferencias no adestramento</p> <p>Tema 3. A forma deportiva Concepto de forma factores que determinan o rendemento deportivo características da forma deportiva Tipos de forma deportiva Fases do estado de forma Síntomas do estado de forma Avaliación da forma deportiva</p> <p>Tema 4. Os principios do Adestramento Deportivo Concepto e clasificación Principios biolóxicos principios pedagóxicos principios de planificación e organización</p>
--	---

FUNDAMENTOS, ESTRUCTURA E MÉTODOS DO ADESTRAMENTO DAS CAPACIDADES CONDICIONAIS

Tema 5. Fundamentos, Estructura e Métodos do Adestramento de Forza
 Concepto
 factores que determinan a produción de forza
 procesos de adaptación no adestramento da forza: estruturais, neuromusculares mecánicas
 Manifestacións da forza: activa e reactiva.
 Métodos de adestramento das manifestacións de forza
 Fases sensibles para o desenvolvemento da forza

Tema 6. Fundamentos, Estructura e Métodos do Adestramento da Velocidade
 Conceptos
 factores dos que depende a velocidade
 manifestacións da velocidade: reacción, aceleración e deceleración, velocidade dun movemento illado, velocidade dun movemento continuo cíclico, velocidade dun movemento continuo acíclico.
 A resistencia á velocidade
 A resistencia á máxima velocidade
 Métodos de adestramento das manifestacións da velocidade
 Desenvolvo do potencial de velocidade
 A barreira de velocidade
 a axilidade

Tema 7. Fundamentos, Estructura e Métodos do Adestramento da Resistencia
 Concepto
 Factores que determinan a resistencia
 Procesos de adaptación ao adestramento de resistencia aeróbica
 Procesos de adaptación ao adestramento de resistencia anaeróbica
 Manifestacións da resistencia
 Métodos do adestramento da resistencia

Tema 8. Fundamentos, Estructura e Métodos do Adestramento da Flexibilidade
 Concepto
 factores que determinan a mobilidade articular
 Tipoloxía de mobilidade articular
 Beneficios do adestramento da flexibilidade respecto doutras capacidades condicionais
 Métodos do adestramento da flexibilidade

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos	3	7	10
Prácticas de laboratorio	22.5	45	67.5
Aprendizaxe baseado en proxectos	3	3	6
Flipped Learning	2	8	10
Lección maxistral	22	33	55
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Práctica de laboratorio	0.25	0	0.25
Exame de preguntas obxectivas	0.25	0	0.25

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo de casos	Análise de casos relacionados co adestramento deportivo para coñecerlos, interpretalos, reflexionar sobre eles e propoñer solucións alternativa.
Prácticas de laboratorio	Adquisición de habilidades básicas e de procedementos relacionados co adestramento deportivo. desenvólvense en espazos con equipamento especializado (pista de atletismo. pabellón deportivo, recta de velocidade, sala de fitness)
Aprendizaxe baseado en proxectos	Formularanse problemas ou exercicios concretos relacionados con a selección de capacidades condicionais, os seus métodos para desenvolveselas así como o efecto previsto en cada caso. O alumno debe desenvolver as solucións máis adecuadas e xustificalas
Flipped Learning	O estudante recibirá a través da plataforma de teledocencia fatic documentación para que poida traballar sobre ela e posteriormente poder expor ao profesor dúbidas ou problemas de aprendizaxe relacionada con estes contidos

Lección maxistral Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e coñecemento científico actualizado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	No horario de tutorías resolveranse dúbidas concretas sobre os exercicios, casos e explicacións realizadas durante as clases teóricas. As tutorías poderán resolverse mediante modalidade presencial ou mediante modalidade virtual, ben a través dos despachos virtuais dos profesores (1006, prof. Dr. Óscar García García), ou de correo electrónico ou mediante os foros da plataforma de teledocencia faitic.
Prácticas de laboratorio	No horario de tutorías resolveranse dúbidas concretas sobre os exercicios, casos e explicacións realizadas durante as clases prácticas. As tutorías poderán resolverse mediante modalidade presencial ou mediante modalidade virtual, ben a través dos despachos virtuais dos profesores (1006, prof. Dr. Óscar García García), ou de correo electrónico ou mediante os foros da plataforma de teledocencia faitic.
Aprendizaxe baseado en proxectos	En tutorías colectivas abordáanse as solucións máis adecuadas aos problemas expostos para que os alumnos poidan contrastar e discutir as súas solucións coas propostas polo profesor. As tutorías poderán resolverse mediante modalidade presencial ou mediante modalidade virtual, ben a través dos despachos virtuais dos profesores (1006, prof. Dr. Óscar García García), ou de correo electrónico ou mediante os foros da plataforma de teledocencia faitic.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Exame de preguntas de desenvolvemento	Consistira no desenvolvemento de 5 preguntas referentes aos contidos teóricos e prácticos desenvolvidos na materia. sera necesario aprobalo para poder superar a materia	50	CG1 CE7 CG2 CE8 CG5 CE9 CG8 CE11 CG11 CG14 CG26
Práctica de laboratorio	A proba consistira na resolución e execución práctica de exercicios de adestramento vinculados aos contidos realizados nas prácticas da materia. Sera necesario aprobalo para poder superar a materia	30	CG5 CE7 CG8 CE10 CG11 CE12 CG13 CG14 CG26
Exame de preguntas obxectivas	Consistirá nunha batería de 20 preguntas tipo test de resposta única sobre 5 posibles. Será necesario aprobalo para poder superar a materia	20	CG1 CE7 CG2 CE9 CG5 CE10 CG8 CE11 CG14

Outros comentarios sobre a Avaliación

Se non se realiza a avaliación da práctica de laboratorio ou a parte dos exames, obterá unha nota final de non presentación (NP). No caso de non ter superada a materia na primeira convocatoria, as competencias serán avaliadas de novo na convocatoria de xullo do mesmo xeito. A avaliación en convocatorias sucesivas realizarase de novo do mesmo xeito que a proposta inicialmente con probas teóricas e proba práctica, sendo necesaria a superación de todas as partes. As datas oficiais dos exames pódense consultar na páxina web da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte <http://fcced.uvigo.es>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

García-García, O y Serrano-Gómez, V, **Entrenamiento personal: Guía para el desarrollo profesional**, 1, Medica panamericana, 2017

Gonzalez Ravé, J.M., Pablos Abellá, C. y Navarro Valdivielso, F., **Entrenamiento Deportivo: Teoría y práctica**, 1, Medica panamericana, 2014

Nacleiro, F., **Entrenamiento deportivo. Fundamentos y aplicaciones**, 1, Medica panamericana, 2011

Legaz Arrese, A., **Manual de Entrenamiento Deportivo**, 1, Paidotribo, 2012

Weineck, J., **Entrenamiento total**, 2, Paidotribo, 2016

Bibliografía Complementaria

García Manso, JM., **La Resistencia desde la óptica de las ciencias aplicadas al entrenamiento deportivo**, 1, GRADA Sport Books, 2006

Roozen, M y Dawes, J, **desarrollo de la agilidad y de la velocidad**, 1, Paidotribo, 2017

García Manso, JM., **Alto rendimiento: la adaptación y la excelencia deportiva**, 1, Gymnos, 1999

Verkhoshansky, Y., **Teoría y metodología del entrenamiento deportivo**, 2, Paidotribo, 2016

Cometti, Gilles., **El Entrenamiento de la velocidad**, 2, Paidotribo, 2016

Verkhosansky, Y., **Todo sobre el método pliométrico**, 2, Paidotribo, 2016

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo II/P02G050V01604

Especialización en deportes colectivos/P02G050V01906

Especialización en deportes individuais/P02G050V01907

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Valoración e prescripción do exercicio físico para a saúde/P02G050V01503

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana para o movemento/P02G050V01101

Anatomía humana: Anatomía e kinesiología humana/P02G050V01201

Fisiología: Fisiología do exercicio I/P02G050V01104

Fisiología: Fisiología do exercicio II/P02G050V01401

Plan de Continxencias

Descrición

Como consecuencia do COVID-19 e de acordo coas medidas extraordinarias e urxentes en caso de crise sanitaria, aprobadas polo Consello de Goberno do 12 de xuño de 2020 e da Resolución Reitoral do 17 de xuño de 2020 para o seu implementación, elaborouse unha instrución desde a VOAP para a elaboración das guías docentes.

En base a iso, a docencia desta materia para o curso 2021/2022 en caso de rebrote do COVID-19 será mediante modalidade semipresencial, na que nin o profesor nin o alumnado asisten á aula de forma física, salvo nas sesións prácticas. As clases teóricas levasen a cabo por campus remoto e mediante a plataforma moodle. Chegado o caso activaríase esta modalidade mediante RR.

Mantéñense os contidos da materia, tanto teóricos como prácticos

A metodoloxía docente neste caso basearase fundamentalmente na aprendizaxe inversa "Flipped Learning" en substitución das outras metodoloxías, onde o estudante traballará de forma autónoma os documentos facilitados polo profesor a través da plataforma de teledocencia Faitic (Moovi) e nas clases presenciais virtuais expóranse e resolvenanse os problemas, dúbidas e carencias detectadas polo estudante e polo profesor.

O sistema de avaliación será o mesmo.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Valoración e prescripción do exercicio físico para a saúde**

Materia	Valoración e prescripción do exercicio físico para a saúde			
Código	P02G050V01503			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Varela Martínez, Silvia			
Profesorado	Varela Martínez, Silvia			
Correo-e	silviavm@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias

Código	
CG1	Conceptualización e identificación do obxecto de estudo das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
CG2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.
CG11	Coñecemento e comprensión dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.
CG13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.
CG14	Manexo da información científica básica aplicada á actividade física e ao deporte nas súas diferentes manifestacións.
CG16	Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica da actividade física e do deporte.
CE8	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, durante o proceso do adestramento deportivo
CE13	Capacidade para avaliar a condición física e prescribir exercicio físico orientado cara á saúde
CE15	Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde do desenvolvemento das actividades físicas inadecuadas entre a poboación que realiza práctica física orientada á saúde
CE17	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar a realización de programas de actividades físico-deportivas orientada á saúde
CE18	Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado, para cada tipo de actividade que practique a poboación de adultos, maiores e discapacitados

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Coñecer e identificar o obxecto de estudo das Ciencias da Actividad Física e do Deporte.	CG1	
Saber buscar e interpretar a literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.	CG2	
	CG13	
	CG14	
Coñecer e utilizar os principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.	CG11	
	CG13	
Ser capaz de elaborar propostas para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica da actividade física e do deporte.	CG16	
Ser capaz de avaliar a condición física e prescribir exercicio físico orientado cara á saúde en diferentes poboacións.	CG16	CE13 CE17
Coñecer e saber aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais ao campo da actividade física e a saúde.		CE8 CE13 CE17
Saber identificar os riscos que se derivan para a saúde do desenvolvemento das actividades físicas inadecuadas entre a poboación que realiza práctica física orientada á saúde.	CG13	CE15 CE17 CE18
Ser capaz de seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado, para cada tipo de actividade que practique a poboación de adultos, maiores e discapacitados.		CE18

Contidos

Tema	
------	--

- I. Beneficios e riscos asociados ao exercicio: relación entre actividade física, saúde, lonxevidade e calidade de vida.
- II. Prescrición de exercicio físico: xestión de adestramento para a saúde.
- III. Deseño dun proxecto de adestramento para a saúde: a planificación da actividade física.
- IV. Avaliación da condición física no contexto da práctica da actividade física para a saúde.
- V. Prescrición da actividade física para a prevención e o tratamento de enfermidades crónicas e de lesións derivadas da práctica deportiva.
- I. Epidemioloxía da actividade física. Diferentes conceptos e factores que determinan a actividade física.
- II. Exercicio físico para a saúde en nenos/as, adolescentes e adultos sans.
- III. Principios do adestramento no ámbito da saúde. Variables etipos de adestramento.
- IV. Avaliación mediante baterías e test (probos de campo) da condición física saudable en diferentes grupos de idade.
- V. Actividade física en grupos especiais

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	18	0	18
Traballo tutelado	2.5	0	2.5
Prácticas de laboratorio	30	15	45
Traballo	1	30	31
Exame de preguntas obxectivas	1	37.5	38.5
Presentación	1	14	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Ensinanza baseada en proxectos de aprendizaxe. Aprendizaxe baseada en problemas (ABP). Metodoloxías baseadas en investigación. Aprendizaxe colaboradora.
Traballo tutelado	Supostos prácticos para resolver en grupos reducidos.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (laboratorios, aulas informáticas, etc).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Atenderase as peculiaridades do alumnado, adaptando a metodoloxía empregada en función das súas necesidades ou características.
Lección maxistral	A pesar de que se tratan de sesións maxistras, o alumnado participará activamente nas clases, xa que se lle fará partícipe continuamente, ben mediante preguntas, ben mediante a resolución de problemas de forma persoal ou en grupos pequenos, o que permitirá unha atención máis persoal.
Traballo tutelado	Proponse traballos en grupos reducidos que facilita de por si a atención individualizada.
Probos	Descrición
Traballo	A través das tirorías, e por medio do correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Traballo e implicación do alumnado durante a realización das clases prácticas.	0	CG1 CE8 CG2 CE13 CG11 CE15 CG13 CE17 CG14 CE18 CG16

Prácticas de laboratorio	Presentación dun suposto práctico	10	CG1 CG2 CG11 CG13 CG14 CG16	CE8 CE13 CE15 CE17 CE18
Traballo	Realizar un traballo teórico-práctico exposto polo profesor/a vinculado co desenvolvemento dos contidos da materia. A guía para a realización do traballo será publicada na plataforma da materia.	30	CG1 CG2 CG11 CG13 CG14 CG16	CE8 CE13 CE15 CE17 CE18
Exame de preguntas obxectivas	Realizarase unha proba teórico-práctica: test, resposta curta e/ou resolución de supostos prácticos.	60	CG1 CG2 CG11 CG13 CG14 CG16	CE8 CE13 CE15 CE17 CE18

Outros comentarios sobre a Avaliación

Requisitos básicos a cumprir para a superación da materia:

- Realizar o traballo exposto polo profesor/a vinculados co desenvolvemento dos contidos.
- Realizar unha presentación oral do suposto práctico.
- É necesario sacar un 5 no traballo e no exame para poder superar a materia.
- É necesario cumprir co 80% de asistencia ás clases prácticas. Aqueles/as alumnos/as que non alcancen o mínimo de asistencia indicado, deberán facer un exame de contidos prácticos.

Proporción de incidencia na calificación dos diferentes tipos de valoración:

- Calificación obtida pola realización do traballo teórico-práctico: 30%
- Calificación obtida na presentación: 10%
- Calificación obtida no exame: 60%

Na 2ª convocatoria, manteranse as notas dos traballos, é dicir, os criterios de puntuación serán os mesmos que na 1ª convocatoria. Quen non realice a presentación do traballo durante a 1ª convocatoria, NON PUNTUARÁN NESTE APARTADO na segunda.

Para a convocatoria extraordinaria realizarase un exame cuxo valor será o 100% da nota.

As datas dos exames se poderán consultar na páxina web da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte na seguinte ligazón: <http://fcced.uvigo.es/gl/docencia/exames>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- ACSM, **ACSM's Guidelines for exercise testing and Prescription**, 11, Wolters Kluwer, 2021
- Vivian H. Heyward, **Evaluación de la aptitud física y prescripción del ejercicio**, Panamericana, 2008
- ACSM, **anual ACSM para la valoración y prescripción del ejercicio**, Paidotribo, 2005
- Machado, Alexandre F, **Manual de Avaliação Física**, Icone Editora, 2010

Bibliografía Complementaria

- ACSM, **Manual de consulta para el control y la prescripción de ejercicio.**, Paidotribo, 2000
- Xiao, Junjie (Ed), **Physical Exercise for Human Health**, Springer, 2020
- López, E.J.M., **Pruebas de aptitud física**, Paidotribo,, 2002
- George, Fisher, Vehrs, **Test y Pruebas Físicas**, Paidotribo, 2001
- Baechle, T & Earle, R., **Essentials of strength training and conditioning.**, Human Kinetics., 2000
- Sharkey, B.J., **Fitness and Health.**, Human Kinetics, 2002

Recomendacións

Materias que continúan o temario

- Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo I/P02G050V01502
- Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo II/P02G050V01604

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Anatomía humana: Anatomía humana para o movemento/P02G050V01101

Biomecánica da técnica deportiva/P02G050V01903

Plan de Continxencias

Descrición

Metodoloxía docente que se modifica:

No caso de impartir docencia en modalidade non presencial, as guías docentes deberán reflectir que a actividade docente impartirase mediante Campus Remoto, e preverase así mesmo o uso da plataforma de teledocencia Fatic como reforzo e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

Metodoloxía NON presencial de atención ao alumnado (Titorías)

As guías docentes contemplarán para todas as modalidades que as sesións de titoría poderanse realizar por medios telemáticos (despacho virtual dentro da plataforma de campos remoto da Universidade de Vigo) baixo a modalidade de cita previa.

Adaptación da avaliación:

Neste caso, NON HABERÁ PRESENTACIÓN, a porcentaxe da nota deste apartado (10%) pasará á nota do traballo teórico-práctico. A data límite de entrega do traballo será determinada polo docente. A porcentaxe do exame será idéntico (60%).

Na 2ª convocatoria, manteranse as notas dos traballos (redactado + presentación), é dicir, os criterios de puntuación serán os mesmos que na 1ª convocatoria. Gardarase a nota das partes aprobadas na 1ª convocatoria, para esta segunda.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Xestión e organización dos sistemas deportivos I**

Materia	Xestión e organización dos sistemas deportivos I			
Código	P02G050V01504			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Martínez Lemos, Rodolfo Ivan			
Profesorado	Martínez Lemos, Rodolfo Ivan			
Correo-e	ivanmartinez@uvigo.es			
Web	http://https://login.campusremotouvigo.gal/cas/login?service=https%3A%2F%2Fcampusremotouvigo.gal%2Flogin%2F%3Fforce_sso%3Dtrue%26_%3D1244183002			
Descrición xeral				

Competencias

Código	
CG2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.
CG4	Coñecemento e comprensión dos factores comportamentais e sociais que condicionan a práctica da actividade física e o deporte.
CG12	Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
CG13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.
CG14	Manexo da información científica básica aplicada á actividade física e ao deporte nas súas diferentes manifestacións.
CG21	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar a realización de programas de actividades físicodeportivas.
CG23	Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo axeitado para cada tipo de actividade.
CG24	Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.
CG25	Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.
